

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane. Colección: Colección: Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane
Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Isaac Díaz Pardo do 06/03/1957

Colección:

Data: 06/03/1957

De:

Luís Seoane;

Para:

Isaac Díaz Pardo;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

O Castro [parr. Osedo, conc. Sada] (local), Osedo (parroquial), Sada (municipal)

Localización física: Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane. ; Artes; Artes visuais; Autores/as; Emigración; Migracións;

Mencionados:

Francisco Fernández del Riego; Constantino Grandío; José María de Labra; Antonio Lago; Laxeiro; Xohán Ledo; Urbano Lugrís; Cristino Mallo; Sebastián Martínez-Risco y Macías; Carlos Maside; Valentín Paz-Andrade; Manuel Prego de Oliver; Maruxa Seoane; Manuel Torres;

Notas do editor:

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Isaac Díaz Pardo do 06/03/1957

Buenos Aires, 6 de Marzo de 1957

Sr. D. Isaac Díaz Pardo
O Castro

Querido Díaz Pardo:

Recibín fotografías e cartas, mais aínda non sei ren do que lle deixaches a Valentín. Todas isas cousas son para mín muy útiles. Agora escriboche de presa. O Centro Lucense inaugurou un novo local cun pequeno teatro, sala para música, biblioteca, salón de actos, etc., fixo tamén unha pequena sala de exposicións que se abriu con unha exposición de dibuxos esprendidos de Laxeiro. Agora fai falla manter esa sala

con novas exposicións preferentemente de xente disa. E pensaron que ti e Del Riego poderíadevos encargar de solicitar ahí os traballos que teñen que sere de momento estampas, dibuxos, grabados, pra non tere complicacións de caixós e aduanas. Son xente seria con desexos de facer cousas pol-o arte galego. Eu pensei en exposicións de grabados en madeira de Maside, dibuxos i estampas de Torres, Prego de Oliver, Xohan Ledo, Lago Rivera, Labra, Villar, Lugo, e toda a xente moza de A Cruña, Ferrol, Vigo, etc. Fan falla dez exposicións pra iste ano. Tamén sería interesante unha de dibuxos do escultor Mallo e de acuarelas, estampas ou o que sexa de Grandío, que está en Madride. En fin, vos veredes. Vanse presentar ben, con catálogos ben feitos e trataráse de darlle a cada unha a resonancia debida e mais de facer o posible por vender. Unha das primeiras ten que ser unha exposición túa E necesario que as exposicións sexan de xente moza, non tanto pol-a idade, senón pol-a inquietude e caben na selección todos, figurativos e abstractos, sempre que o seu linguaxe sexa ceibe e sinceiro. Isto pode chegar a sere unha cousa formidábele e imos a competir todos xuntos cos artistas doutras terras e dista. Tamén pódese organizar algunha exposición de grupo. Creo que existen na Cruña e no Ferrol. En fin, vos veredes. Imos poñer en valor o noso, e cando ti veñas xa trataremos de orgaizar unha grande exposición colectiva de mais alento. Fai falla que cada artista envíe 15 a 20 obras, millor 20 que 15, e si son de pequeno formato algunhas mais. As primeiras exposicións terán de estar eiquí a primeiros de Maio. O Centro Lucense vos escribirá confirmando ista carta.

Cando veñas queremos facer unha túa de cerámica. Bueno, ren máis. Agradézoche todol-os teus traballos, e non deixes de mandarme os que podas. Imos de ver mais adiante de publicar pequenas monografías sobor dos artistas. Todo isto pode sere moi importante. Saúdos aos amigos, a tua dona, os pequenos, a ti, recibide a aperta de Maruxa e miña, e ti a moi forte de teu amigo:

Seoane

Contesta axiña. Gustaríame que Martínez Risco me enviase algo, e o mesmo Tudela e a xente disa.

Colabora



Agradecementos

Familia Isaac Díaz Pardo

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.